

ASUNTO: BASES DO “CONCURSO DE DISFRACES” ENTROIDO 2026. CONCELLO DE CURTIS

1. OBXECTIVO

- Participar e valorar as tradicións como riqueza cultural
- Fomentar o consumo no comercio e hostalería locais, axudando así a promoción económica do noso Concello.

2. PARTICIPANTES

Os participantes deben inscribirse ata o día 12 de febreiro de 2026 nas dependencias municipais para poder participar no concurso.

Para inscribirse será necesario indicar: nome, apelidos, idade, número de teléfono e categoría na que se presentan. En caso de menores de idade será necesario indicar os datos dun titor legal.

3. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO.

O concurso realizarase o día 17 de febreiro nas festas de Entroido que se celebrarán nos núcleos de Curtis e Teixeiro.

Valorarase que os disfraces sexan de elaboración propia así como a utilización de materiais reciclados na elaboración dos mesmos.

4. COMPOSICIÓN DO XURADO E ELECCIÓN DE PREMIADOS

O xurado estará composto tres traballadores da empresa que se encargue da animación das festas de Entroido que se celebrarán o día 17 de febreiro.

5. CATEGORÍAS E PREMIOS

CONCURSO INFANTIL (ATA 16 ANOS):

Dous 1^{os} premio individual ou grupo (un en cada festa): dous vales de 150 € cada un.

Dous 2^{os} premio individual ou grupo (un en cada festa): dous vales de 100 € cada un.

Dous 3^{os} premio individual ou grupo (un en cada festa): dous vales de 50 € cada un.

CONCURSO MAIORES:

Dous 1^{os} premio individual ou grupo (un en cada festa): dous vales de 300 € cada un.

Dous 2^{os} premio individual ou grupo (un en cada festa): dous vales de 200 € cada un.

Dous 3^{os} premio individual ou grupo (un en cada festa): dous vales de 100 € cada un.

6. FUNCIONAMENTO DOS VALES.

- O prazo de vixencia dos vales será dende o 17 de febreiro ao 17 de marzo de 2026, ambos incluídos.
- Os vales deberán gastarse en locais de comercio ou hostalaría local, sitios no municipio de Curtis entre os días sinalados.

7. GAÑADORES

Os gañadores dos premios do concurso de disfraces organizado polo Concello de Curtis deben atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social para recibir o premio.

8. XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

Os gañadores deberán presentar no Rexistro Municipal, antes do 31 de marzo de 2026, a seguinte documentación para que lles sexa entregada a cantidade que lles corresponde:

- O vale entregado polo Concello.
- A factura do gasto realizado que deberá emitirse a nome do beneficiario do premio ou de quen ostente a súa tutela. O seu importe deberá ser igual ou superior á cantidade coa que resultara agraciado. Se o importe da factura fora menor, entregaráselle o premio por ese importe. No concepto da factura figurará engadida a seguinte lenda: Concurso de disfraces do Concello de Curtis.
- Non se admitirán facturas de comercios ou hostalería que non teñan a súa actividade no termo municipal de Curtis.
- Nº de conta bancaria do premiado para realizar a transferencia do importe do premio correspondente.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación no "Concurso de Disfraces" Antroido 2026 comporta a total aceptación das bases.